



29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia (DOG nº 53, do 18 de marzo de 2010), e na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación”.

Lalín, a 16 de outubro de 2012.—O Alcalde-Presidente P.D.—O Concelleiro Delegado de Urbanismo, Román Rodríguez González.

2012010156

### A N U N C I O

Aprobado definitivamente o expediente da Ordenanza reguladora do procedemento para a concesión de licenzas de obra, licenzas de actividade, comunicación previa e declaración responsable do Concello de Lalín, de conformidade co artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procedese á publicación do seu texto íntegro.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE LICENZAS DE OBRA, LICENZAS DE ACTIVIDADE, COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONCELLO DE LALÍN**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Tanto a Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo o 12 de decembro de 2006, e a súa transposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, como a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e, finalmente, tamén a normativa autonómica -Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á citada Directiva-, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto coas licenzas, o que implica unha importante modificación do réxime de control das actividades polos Concellos.

O artigo 25.1 en relación con 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece ao municipio no ámbito das súas competencias a facultade da prestación de certos servizos contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade vecinal e a exercer as competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, seguridade en lugares públicos, protección do medio ambiente, e salubridade pública.

Así mesmo, a recentemente aprobada Lei de economía sustentable (Lei 2/2011, do 4 de marzo), reforma a Lei 7/1985, de 2 de abril, citada, que agora dispón no seu novo artigo 84 bis., o seguinte:

“Sen prexuizo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou á saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento este xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación a necesidade da autorización ou licenza ou interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se atopa xa cuberto mediante outra autorización xa existente.”

A dita Lei de Economía Sustentable engade un artigo 84 ter. á Lei de Bases do Réxime Local, coa seguinte redacción:

“Cando o exercicio de actividades non necesite autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio desta polos interesados previstos na lexislación sectorial.

Finalmente, o artigo 42 da mesma Lei 2/2011 reforma o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e concretamente a letra



i) do artigo 20.4º, que agora establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo. Esta modificación complétase co establecido na disposición final primeira do Real Decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Así pois, é preciso regular o procedemento de comunicación nunha nova ordenanza e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que con carácter xeral establécese no artigo 84 bis da Lei 7/1985 para as actividades.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que o propio artigo 84, bis. xa establece os criterios polos que certas actividades quedan excluídas desta declaración responsable, como son a protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.

En segundo lugar, tamén debe terse en conta que seguen en vigor as normas que regulan procedementos especiais para autorización de certas actividades, como son as que se refiren ós espectáculos públicos e actividades recreativas ou as que están sometidas a avaliación de incidencia ambiental; nestas normas esíxese que se abran períodos de información pública dado que se trata de actividades que lle afectan á tranquilidade e saúde dos veciños, e requírese que outras Administracións concedan a súa autorización, previamente á concesión da licenza municipal.

Por outra banda, aínda que se entende que o réxime de autorización previa en materia de licenzas urbanísticas non está contemplado na Directiva 2006/123/CE xa que, as particularidades propias do ámbito urbanístico e as razóns de interese xeral impedirían que con carácter xeral se establece un réxime de comunicación previa para todas as actividades suxeitas a licenza urbanística, o certo é que o seu carácter de requisito previo que condiciona a liberdade de establecemento xustifica que a regulación que se efectúe das mesmas module o grao de intervención administrativa nesta materia.

Así, o feito de que estas licenzas se atopen excluídas da Directiva de servizos, non significa que nese ámbito non poidan tentarse aplicar os mecanismos da comunicación previa ou da declaración responsable para a posta en funcionamento de actividades sometidas a estes rexímenes, coa finalidade de non deixar sen contido material a transposición da Directiva 2006/123/CE.

O artigo 17.1 da lei 17/2009 do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, determina que as administracións públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables aos establecementos e a presentación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación; en virtude desta facultade outorgada as administracións públicas, e á vista do establecido recentemente no RD Lei 19/2012, do 25 de maio, xa citado, estímase procedente establecer sen demora, e sen prexuízo das posteriores adaptacións que sexan precisas de conformidade coa lexislación autonómica que ten que ditarse na materia, un réxime xurídico simplificado de declaración responsable ou de comunicación previa para a prestación de servizos, que abrangue a execución daquelas obras e demais actuacións urbanísticas que teñan escasa ou nula entidade técnica ou construtiva, e nas que non sexa necesaria a presentación do proxecto técnico que determine a necesidade dunha previa licenza urbanística para poder levalas a cabo.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

### ARTIGO 1.—OBXECTO

O obxecto da presente ordenanza é establecer os procedementos de obtención de licenzas urbanísticas, licenzas de actividade así como os procedementos de declaración responsable e comunicación previa, necesarios para o exercicio de actividades comerciais e de servizos no término municipal de Lalín, así como a posterior verificación do cumprimento dos requisitos precisos para o seu exercicio polos interesados, previstos na lexislación xeral e sectorial; e todo iso no marco da Directiva 2006/123/CE e da normativa que a traspón.



### ARTIGO 2.—DEFINICIONES

- 1.—Nos termos da lexislación vixente enténdese por:
  - a) «Autorización» ou «licenza»: calquera acto expreso ou tácito da autoridade competente do Concello que se esixa, con carácter previo, para a execución dunha construcción ou instalación, ou para o acceso e exercicio a unha actividade de servizos.
  - b) «Declaración responsable»: o documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.
  - c) «Comunicación previa»: o documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos de identificación e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.
- 2.—Con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. No entanto, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou de patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou á saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada.
- 3.—O desenvolvemento dunha actividade de servizos estará suxeita á presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable segundo os casos, excepto nos supostos nos que a presente ordenanza requira que se solicite e obteña unha licenza de obra, apertura ou de actividade.
- 4.—Cando algunha das actuacións que se pretendan levar a cabo non tivesen encaixe específico nalgún dos supostos establecidos nesta Ordenanza, asimilarase coa que presente maior coincidencia, aplicándolle en consecuencia o mesmo réxime. Si áinda deste xeito non se puideran solucionar as dúbidas, rexerá o establecido no artigo 6º da Lei 9/2002.
- 5.—O erro en que poida incorrer o interesado á hora de asignar a obra ou actividade que pretende levar a cabo, nalgún dos réximes de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido dedúzase o seu verdadeiro carácter. En tal caso, o Concello ditará resolución dándolle ao escrito en cuestión o carácter que lle corresponda, o que se notificará ao interesado con expresión dos efectos derivados de tal circunstancia e da documentación que no seu caso sexa precisa para continuar a súa tramitación.

En relación cos efectos sobre o cambio de réxime, indicarase ao interesado o seguinte:

- a) Cando o interesado notifícase ao Concello unha declaración responsable ou comunicación previa, sendo o réxime apropiado o de licenza, advertiráselle de que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que a obteña; e se xa se ten iniciado, requiriráselle para que proceda ao inmediato cesamento das mesmas con todas as advertencias propias dos supostos de reposición da legalidade infrinxida.
- b) Cando o interesado solicitase ao Concello unha licenza ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de declaración responsable, sinalaráselle que deberá presentar o documento no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio nos termos esixido nesta Ordenanza para a acción pretendida e, a maiores, que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que presente a mencionada documentación, coas advertencias sinaladas na letra anterior.



### **ARTIGO 3.—EFECTOS DAS LICENZAS, DECLARACIÓNNS RESPONSABLES OU COMUNICACIÓNNS PREVIAS**

1.—O outorgamento de licenza, ou a presentación de declaraciónns responsables ou comunicaciónns previas, producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

2.—As licenzas entenderanse outorgadas deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Idénticos efectos producirá a presentación de declaraciónns responsables ou comunicaciónns previas.

3.—En ningún caso entenderanse adquiridos por estes procedementos dereitos en contra da lexislación ou plan urbanístico, ou doutra normativa que resulte de aplicación á actividade.

### **ARTIGO 4.—TRANSMISIÓN DE LICENZAS, DECLARACIÓNNS RESPONSABLES OU COMUNICACIÓNNS PREVIAS**

1.—As licenzas, así como os dereitos derivados das declaraciónns responsables ou comunicaciónns previas, relativos ás condicións dunha obra, instalación ou servizo, serán transmisibles áinda que, para que opere o cambio de titularidade, será preciso que se acredite ante o Concello que a transmisión se produciu por calquera dos medios admitidos en Dereito, facendo expresa referencia á licenza, declaración responsable ou comunicación previa cuxo obxecto se transmitiu.

2.—O Concello tomará razón do feito da transmisión da que dará conta aos propios interesados.

3.—Unha vez producida a transmisión, o novo titular se subrogará nos dereitos, obrigacións e responsabilidades que o anterior titular tiña recoñecidos na licenza concedida ou nos termos contidos na declaración responsable ou comunicación previa debidamente cumprimentada.

4.—Non obstante o anterior, se a transmisión da licenza se produciu sen que o anterior e o novo titular o teñan comunicado ao Concello, ambos quedarán suxeitos a todas as responsabilidades e obrigas derivadas do incumplimento da preceptiva comunicación.

5.—A inexactitude ou falsidade na comunicación de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito de que se trate.

## **TÍTULO II. DAS ACTUACIÓNNS SOMETIDAS AO RÉXIME DE LICENZA**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO.—RÉXIME XURÍDICO DE LICENZAS**

#### **ARTIGO 5.—OBXECTO E EFECTOS DA LICENZA**

1.—Nos termos legalmente establecidos, a licenza urbanística ou a licenza para o exercicio de actividades ou servizos constitúe un acto regulado da Administración Municipal polo cal, previa comprobación das condicións establecidas pola normativa aplicable, autorízase ao solicitante o exercicio do seu dereito preexistente a executar as obras ou para desenvolver determinadas actividades ou servizos.

2.—Non se poderá iniciar a execución das obras ata que se obteña a preceptiva licenza.

#### **ARTIGO 6.—ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL SOBRE A SOLICITUDE DE LICENZA E DOCUMENTACIÓN ACHEGADA**

1.—A intervención municipal a través da licenza urbanística ou licenza de actividade circunscribirase á comprobación da integridade formal e a suficiencia legal do proxecto técnico e calquera outra documentación esixible para executar as obras ou para exercer a actividade, así como a verificar a conformidade ou non do proxectado coa adecuación da actividade ás ordenanzas municipais, á legalidade urbanística, á normativa de seguridade, sanitaria, ambiental e aqueloutras que resulten esixibles, valorando no seu caso as medidas correctoras propostas e o seu grao de eficacia.

2.—En ningún caso a intervención municipal a través da licenza urbanística controlará os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe de instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora e/ou da empresa construtora ou instaladora.



### **ARTIGO 7.—PRAZO DE OUTORGAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO EN SUPOSTOS DE SOMETEMENTO A LICENZA**

1.—As peticionés de licenzas de obra maior ressolveranse no prazo de tres meses contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello. No caso de obras menores o prazo de será dun mes.

2.—En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do plan urbanístico.

3.—Cando para determinada actuación suxeita a licenza se esixise, nun único procedemento e con carácter previo á licenza, autorizacións ou informes preceptivos e vinculantes doutras Administracións, o prazo para outorgar licenza, e polo tanto para que opere o silencio administrativo, entenderase interrompido polo tempo que tarde en emitirse a autorización ou informe.

4.—Cando transcorresen os prazos sinalados para resolver a licenza, coas interrupcións legalmente procedentes, sen que a Administración Municipal tivese adoptado resolución expresa, operará o silencio administrativo da seguinte forma:

- a) Se a licenza solicitada se refire a actuacións que puideren afectar a vías públicas, espazos libres, etc. ou a bens de dominio público local ou patrimoniais, entenderase denegada.
- b) Se a licenza solicitada esixise o informe ou autorización preceptiva doutra Administración Pública, e transcorrese o prazo do que esta dispón para pronunciarse, entenderase denegada.
- c) Se a licenza se refire aos actos de transformación, construcción, edificación e uso do chan e o subsolo que a continuación se relacionan, se entenderá denegada por silencio administrativo unha vez teña transcorrido o prazo máximo sen notificarse a resolución expresa:
  - Movimentos de terras, explanacións, parcelacións, segregacións ou outros actos de división de fincas en calquera clase de chan, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
  - As obras de edificación, construcción e implantación de instalacións de nova planta.
  - A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
  - A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva que, polas súas características, poidan afectar á paisaxe.
  - A primeira ocupación das edificacións de nova planta e das casas prefabricadas anteriormente referidas.
- d) Sen prexuízo do establecido no apartado 2 deste artigo, si a licenza solicitada se referise a calquera outro tipo de actuacións, entenderase outorgada por silencio administrativo nos termos legalmente establecidos.

### **CAPÍTULO SEGUNDO.—PROCEDIMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS**

#### **ARTIGO 8.—SOLICITUDE DE LICENZA E PRESENTACIÓN DE PROXECTO OU MEMORIA**

1.—Nos casos que esta Ordenanza someta ao réxime de licenza, os interesados deberán presentar en calquera dos puntos habilitados legalmente para iso, solicitude de licenza para a execución das obras ou actividades que pretendan levar a cabo, indicando o seu emprazamento exacto, o tipo de obras a realizar ou actividades a implantar e o seu orzamento estimado. Non obstante o anterior, a solicitude de licenza só comenzará a producir efectos dende o momento en que o correspondente escrito e o proxecto ou memoria así como a documentación esixida en cada caso tivesen entrada no Rexistro do Concello.

2.—Na súa solicitude, o interesado (persoa física ou xurídica), acreditará, de ser o caso, a representación coa que actúa, e deberá indicar o domicilio a efectos de notificacións, e o medio polo que deseche ser notificado de todas as actuacións sempre que se garanta a súa recepción; para a práctica de notificacións o Concello promoverá a utilización de medios telemáticos nos termos establecidos no artigo 59.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e normativa de desenvolvemento.



3.—Á solicitude de licenza acompañarase a documentación esixida en cada caso, así como proxecto técnico subscrito por técnico competente ou memoria explicativa da obra ou actividade que pretenda levar a cabo, co suficiente detalle para que poidan valorarse e interpretarse inequivocamente na función de control por parte da Administración. O número de exemplares e o formato dos proxectos e demás documentación técnica se regularán nos anexos desta ordenanza que serán aprobados de acordo co establecido na disposición final segunda desta ordenanza.

4.—A documentación adxunta, así como o proxecto técnico ou memoria, unha vez concedida a correspondente licenza, quedarán incorporados a ela como condicións materiais da mesma.

5.—No caso de obras en edificacións fóra de ordenación, indicarase a situación do inmoble, parámetros e causa que motivan a situación de fóra de ordenación de acordo coa lexislación vixente, edificacións e instalacións erixidas con anterioridade á aprobación da PGOU que resultasen desconformes co mesmo ou transcurso do prazo de caducidade de seis anos sen adoptar medidas de restauración da legalidade urbanística. Así mesmo deberán acreditar dita situación.

### *ARTIGO 9.—SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES*

Nos casos en que unha das actuacións pretendidas se atopase sometida ao réxime de licenza, e a outra ao réxime de comunicación previa ou ben cando ambas as actuacións estivesen suxeitas ao mesmo réxime, actuarase do seguinte modo:

- Cando a actividade pretendida estivese sometida o réxime de licenza, deberase obter esta con anterioridade, ou cando menos simultaneamente, antes de dar inicio á execución das obras.
- Con carácter xeral, todas as actividades que para a súa implantación precisen da previa realización de obras que requirán de licenza (a licenza de actividade e a de obras), tramitaranse simultaneamente en expedientes independentes e se concederán conxuntamente segundo o artigo 196º.2 da Lei 9/2002).

### *ARTIGO 10.—EMENDA DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE*

1.—Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na documentación presentada que impedisce o trámite da solicitude, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días as complete, emende ou aclare, coa advertencia de que namentres queda suspendido o procedemento. Advertírselle ademais da posibilidade de declarar a caducidade da instancia no caso de que non o fixer en prazo.

2.—O interesado poderá solicitar ampliación do prazo se no termo concedido non puideren emendar a deficiencia. A denegación da ampliación do prazo será motivada.

3.—Cumprimentado polo interesado o requerimento de emenda ou presentada a mellora da súa solicitude, entenderase como data de inicio do expediente para todos os efectos a de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.

4.—Se no prazo concedido, o requerimento non fose cumprimentado en forma ou se efectuase de maneira insuficiente, teráselle por desistido da solicitude.

5.—En ningún caso poderá entenderse como mellora de solicitude a achega de documentación que supóna unha variación substancial do obxecto da mesma. Neste caso denegarase a mellora de solicitude podendo o interesado iniciar novo procedemento coa devandita documentación.

### *ARTIGO 11.—MODIFICACIÓNS AO PROXECTO PRESENTADO E DEFICIENCIAS DO PROXECTO*

1.—Se antes de que se concedese a licenza se pretende realizar modificacións ao proxecto presentado, e estas modificacións alterasen determinacións fundamentais ou significativas do mesmo (para o caso das licenzas urbanísticas: cambio ou incremento de aproveitamento urbanístico, volume, altura, ocupación en planta, afectación á contorna, etc.; e no caso das licenzas de actividade: modificación da actividade, alteración das medidas correctoras ou de seguridade previstas, etc.), o interesado deberá presentar, segundo os casos, un novo proxecto que substitúa integralmente ao anterior, ou ben un proxecto complementario; en calquera caso cando se propoñan mais de dúas modificacións, sexa cal sexa o seu alcance, deberá presentarse un novo proxecto que substituirá totalmente ó anterior.



2.—Se os servizos técnicos municipais apreciasen no proxecto deficiencias emendables, requirirase ao peticionario para que proceda a emendas no prazo dun mes (con advertencia de telo por desistido no suposto de que non cumprimente o requerido), que poderá ser prorrogado automaticamente, por unha soa vez e por un prazo de 15 días mais a instancia do interesado, sempre que se solicite antes de que transcorra o prazo outorgado inicialmente. Este prazo suspenderá o regulamentario para a adopción da resolución que proceda.

Transcorrido o prazo para a emenda sen que esta se levase a cabo, formularase proposta de resolución acordando o desistimento e arquivo das actuacións.

### *ARTIGO 12.—SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO*

1.—O procedemento de outorgamento de licenzas suspenderase nos casos establecidos na lexislación xeral (artigo 42.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro).

2. Se resultase necesaria a previa concesión dunha autorización por parte dalgunha administración ou entidade sectorial, requirirase ao solicitante para que a recabe e aporte, quedando namentres suspendido o procedemento.

3.—Tamén se suspenderá o procedemento cando sexa preceptivo remitir as actuacións a informe preceptivo doutras Administracións ou entidades, entre tanto esta non se pronuncie ou transcorra o prazo que ten para facelo.

4.—Do mesmo xeito, o procedemento suspenderase durante o prazo outorgado para a emenda de deficiencias observadas.

### *ARTIGO 13.—MODIFICACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO*

1.—Se durante a execución das obras, ou durante as tarefas para implantar a actividade, se proxectasen ou se producisen variacións que alteren significativamente o proxecto ou memoria ao que se refira a licenza outorgada, o titular está obrigado a solicitar licenza para as mesmas.

2.—O resto das modificacións que non sexan significativas poderán ser salvadas no trámite de primeira utilización ou de posta en funcionamento da actividade, ánda que se esixirá que coa presentación da correspondente declaración responsable se incorpore memoria e planos da situación final da obra ou actividade nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas.

### *ARTIGO 14.—RESOLUCIÓN*

1.—Á vista da documentación presentada, e formado o correspondente expediente administrativo (artigo 164 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais), o encargado da súa tramitación trasladarollo ós técnicos municipais competentes en cada caso (que deberán asinar un recibín), para a emisión, en prazo e forma (artigos 83.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e artigos 172 e 175 do RD 2568/1986 citado), os correspondentes informes.

2.—Emendadas as deficiencias e emitidos todos os informes preceptivos, e con carácter previo á formulación da proposta de resolución, requirirase ó interesado, si fose o caso, para cumplimentar as seguintes actuacións previas:

- a) Constitución de avais para garantir a execución de obras de urbanización e reparación de danos en zonas públicas (beirarrúas, vías públicas, mobiliario urbano, arboredo, redes de infraestruturas etc.).
- b) Formalización da acta de cesión de viarios a favor do Concello.

O prazo para cumplimentar as citadas actuacións será de 1 mes, prorrogable excepcionalmente polo tempo indispensable para achegar o requerido, coa advertencia que de non cumprimentalo teráselle por desistido da solicitude de licenza. O prazo outorgado suspende a tramitación. Transcorrido o prazo para



a cumplimentar as actuacións sen que esta se producise, formularase proposta de resolución sobre a renuncia e arquivo das actuacións.

3.—O expediente así tramitado, xunto cunha proposta de resolución que se formulará polo encargado da tramitación do expediente no mesmo prazo establecido para a evacuación dos informes técnicos, se entregará na Secretaría da Corporación, quen asinará un recibín e, una vez examinados, os someterá á Presidencia para a súa inclusión ou non na orde do día da vindeira sesión que celebre o órgano competente para a súa resolución. O expediente, xunto coa resolución adoptada, que deberá ser sempre expresa e escrita, será devolvido á oficina tramitadora no prazo máximo de 10 días, deixando constancia deste extremo.

4.—Á marxe dos requisitos ou condicionantes específicos que poidan reflectirse na licenza outorgada, as obras deberán axustarse ás seguintes condicións xenéricas:

- A fachada do edificio e os demais parámetros situaranse na liña que sinale o plano aprobado, conformado, en caso de dúbidas, polos técnicos municipais.
  - As augas pluviais recolleranse de forma que non causen molestias aos transeúntes, conectando as baixadas á rede de pluviais, no seu caso.
  - É obligatoria a acometida ó saneamento das augas residuais e fecais.
  - O titular da licenza queda obrigado á reposición do pavimento da calzada e beirarrúas.
  - Será obligatoria a colocación de valos protectores cando as obras linden coa vía pública. Para colocalas deberá obterse previamente permiso municipal. No caso de ocuparse a beirarrúa completamente, construirase unha nova beirarrúa provisional suficientemente protexida para a seguridade dos peóns.
  - Non se poderá ocupar o espazo público co varrido ou forma de portas e xanelas.
  - Queda prohibida a ocupación da estrada e beirarrúas con materiais de construcción.
  - No caso das obras maiores, colocarase nun lugar visible un cartel cos nomes do Arquitecto e Aparellador, directores da obra, e do propietario-promotor, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construcción, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas, así como a data da concesión e número do expediente da licenza municipal.
  - Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais, a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
  - Non se podrá ocupar ningunha vivenda sen posuér a licenza de primeira ocupación que será expedida por este Concello.
  - O titular da licenza, o propietario, o empresario construtor e o técnico director da obra serán responsables das infraccións que se cometan por inobservancias das condicións fixadas.
  - A licenza concedida entenderase supeditada ao complemento das condicións que no mesmo expediente constan, e a non lesionar intereses públicos nin privados.
  - Entendéndose que esta licenza ampara únicamente as obras para a que é concedida, e no caso de que o solicitante non se axuste a elas, tramitarase o expediente de reposición da legalidade marcado na lexislación vixente.
  - Obriga do cumprimento do RD 1955/2000, do 1 de decembre (BOE 27-12-2000), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
- 3.—A denegación da licenza será motivada.

### ARTIGO 15.—PRAZOS PARA INICIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU ACTIVIDADE AUTORIZADA POR LICENZA

1.—As licenzas outorgaranse establecendo un prazo determinado, tanto para iniciar como para rematar as obras ou implantar as instalacións.



2.—O prazo para dar inicio á execución das obras, ou á instalación da actividade, será o establecido no planeamento e normativa urbanística aplicable, sen prexuízo de que por causa da incoación de expediente de orde de execución se poida establecer un prazo diferente para o inicio e finalización da obra.

### **ARTIGO 16.—VIXILANCIA DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS, CONTROL E INSPECCIÓN DE ACTIVIDADES**

1.—A execución das obras e implantación de actividades queda suxeita á vixilancia, fiscalización e revisión do Concello, quen a exercerá a través dos servizos de inspección, dos técnicos municipais e mesmo da policía local.

3.—Para o caso de que se detectase que a obra non se axusta ao proxecto, os servizos municipais farán constar nunha acta de recoñecemento, reflectíndose as instrucións precisas e prazo para o seu cumprimento. Advertirase que de non proceder conforme ó indicado na citada acta, procederáse a formular a correspondente denuncia de infracción urbanística para tramitar os expedientes de reposición da legalidade e de disciplina urbanística.

### **ARTIGO 17.—DECLARACIÓN DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN OU DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE**

1.—Estará suxeita a licenza a primeira ocupación dos edificios tras a súa construcción, ampliación, rehabilitación ou reforma en caso de obra maior.

2.—Nas licenzas de actividade, a súa posta en funcionamento esixirá a presentación dunha declaración responsable por parte do seu titular, á que se unirá declaración asinada por técnico competente que certifique a posta en funcionamento da actividade, e na que declare que a mesma se axusta á licenza outorgada e que os sistemas correctores empregados funcionan con plena eficacia e seguridade, especificando no seu caso o grado de emisións. Se se executaron obras esixirase tamén a certificación de fin de obra, así como tamén o certificado de illamento acústico.

### **ARTIGO 18.—EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS LICENZAS**

1.—As licenzas extinguiranse nos seguintes supostos:

- Cando se procedeu á demolición do edificio.
- Cando sobre o mesmo inmóvel ou espazo físico se teña outorgado outra licenza posterior, ou se teña presentado outra declaración responsable ou comunicación previa.
- Cando, sen ningún acto administrativo expreso ou implícito, se teña producido a total rehabilitación do espazo ou local, ou se teña destinado a outra actividade distinta.
- As concedidas para uso provisional cando se teña cumplido o prazo ou a condición para a que se outorgou.

2.—Á marxe doutros supostos legalmente establecidos, as licenzas caducarán, salvo causa non imputable ao titular da licenza, nos seguintes supostos:

- Cando non se deu inicio á execución das obras ou o establecemento das instalacións da actividade amparadas pola licenza, ou cando non se cumpliu o prazo de terminación, nos termos establecidos na licenza de outorgamento.
- Cando se suspendeu a execución das mesmas actuacións por tempo superior a seis meses.
- Cando se interrompeu de forma continuada o funcionamento dunha actividade durante o prazo sinalado na norma aplicable, ou na súa falta durante o de seis meses.
- Cando se incumpra o deber de urbanizar de xeito simultáneo coa edificación.

3.—A caducidade da licenza será declarada polo órgano competente para a súa concesión, previa audiencia ao interesado unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados anteriormente.



4.—Salvo os traballos de seguridade e mantemento, as obras que se executen estando a licenza caducada ou suspendida, considerásense non autorizadas dando lugar a expediente de reposición da legalidade. Non se poderán continuar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### CAPÍTULO TERCEIRO.—ACTUACIÓNS SOMETIDAS AO RÉXIME DE LICENZAS

#### ARTIGO 19.—ACTIVIDADES OU SERVIZOS SOMETIDOS AO RÉXIME DE LICENZA DE ACTIVIDADE

Sen prexuízo das demais autorizacións que sexan procedentes con arranxo á lexislación sectorial aplicable, están suxeitos a licenza de actividade, se teñan que realizar obras ou non, todos os actos de implantación, modificación ou cambio de actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, á seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público; sen prexuízo do establecido artigo 22 seguinte, relaciónnanse a título enunciativo os seguintes:

1.—As actividades contempladas no Decreto 133/2008, de 12 xuño, regulador da avaliación de incidencia ambiental (DOG nº 126, do 1 de xullo de 2008), que deban ser sometidas a ditame de avaliación de incidencia ambiental por parte da Consellería competente.

2.—Os locais fixos nos que se desenvolvan as actividades contempladas no Decreto 292/2004, de 18 de novembro (DOG nº 245, do 20-12-2004), modificado por Decreto nº160/2005 de 2 de xuño (DOG do 17 de xuño), polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.—Aquelas actividades que requirian a emisión de informe/autorización doutra administración distinta da local, dentro do propio procedemento de licenza de actividade, tales como:

- Actividades (autorizables/permitidas) que poidan desenvolverse en solo rústico, con independencia do seu carácter de uso construtivo ou non construtivo.
- Actividades que se pretendan levar a cabo en bens declarados de interese cultural ou incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia ou na súa contorna, así como tamén naquelas incluídas no catálogo do Plano Xeral de Ordenación Municipal de Lalín en vigor.
- Actividades e usos que afecten as zonas de protección das estradas, das liñas ferroviarias, ou do dominio público hidráulico.

### TÍTULO III.—DAS ACTUACIÓNS SOMETIDAS AO RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

#### CAPÍTULO PRIMEIRO.—RÉXIME XURÍDICO COMÚN DAS ACTUACIÓNS SOMETIDAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

#### ARTIGO 20.—RÉXIME XURÍDICO, OBXECTO E EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

1.—A regulación contida no presente título, réxese polas disposicións previstas no mesmo, e polo establecido nas seguintes disposicións:

- Na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local (arts. 4.1,a e 84.1,c e d).
- No Regulamento de Servizos das Entidades Locais , aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (arts. 5 e 22.1).
- Na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (art. 71 bis).
- Na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizo e ó seu exercicio.



- No RD-Lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.
- 2.—Nos termos legalmente establecidos, a declaración responsable, ou a comunicación previa, é a notificación que presenta un interesado ante a Administración municipal, á que debe unirse a documentación esixida en cada caso, en virtude da cal pon no seu coñecemento o exercicio do seu dereito preexistente para executar unhas determinadas obras ou actuacións ou para desenvolver determinadas actividades ou servizos.
- 3.—A declaración responsable, ou a comunicación previa, deberán conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten esixibles de conformidade coa normativa en vigor, incluído estar na posesión do proxecto asinado por técnicos competentes de acordo coa normativa de aplicación, para o caso de que as obras que se tiveran que realizar así o requirian, segundo o establecido na Lei 38/1999, do 5 de novembro.
- 4.—Con carácter xeral, a presentación da declaración responsable ou comunicación previa non prexulgará en modo algúun a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración en calquera orde, estatal, autonómica ou local, lle correspondan por mor do ordenamento sectorial que sexa aplicable en cada caso.
- 5.—O exercicio dos devanditos dereitos atópase supeditado á presentación no Rexistro Xeral do Concello da correspondente documentación segundo o tipo de obra ou actividade de que se trate.
- 6.—Non obstante a declaración responsable ou a comunicación previa non producirán efectos:
- Cando non tivese entrada no Rexistro do Concello documentación de carácter esencial esixida en cada caso.
  - Cando o contido das actuacións notificadas ao Concello non tivesen encaixe nos supostos previstos para a declaración responsable ou para a comunicación previa.
  - Cando a actuación efectivamente desenvolvida polo interesado non se axuste ao declarado ou comunicado.
- 7.—A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable ou comunicación previa, ou a súa non presentación ante a Administración determinará a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras ou actuacións pretendidas ou a desempeñar a actividade manifestada, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.
- 8.—Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo de recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### TRAMITACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

#### ARTIGO 21.—ACTUACIÓN SOMETIDAS AO RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Está sometida ao procedemento de declaración responsable a inicial posta en funcionamento da actividade, así como tamén a execución de todo tipo de obras derivadas de ordes de execución ditadas polo Concello e a demolición de construcións que sexan consecuencia directa da declaración de un edificio en situación de ruína que leve implícita a súa demolición.

#### ARTIGO 22.—ACTUACIÓN SOMETIDAS AO RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA

Están sometidas ao procedemento de comunicación previa:

1.—As actividades contidas no anexo do Real Decreto 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, nos términos establecidos no seu artigo 2.



2.—En canto sexa compatible co anterior, as actividades inocuas relacionadas no Anexo I do Capítulo I do Libro IV do Plano Xeral de Ordenación Municipal de Lalín en vigor, sempre que non utilicen ou dispoñan no seu interior de instalacións ou aparellos que por si mesmos poidan ser constitutivos dunha actividade clasificada.

3.—As transmisións ou cambios de titularidade de actividades con licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor; sen prexuízo dos efectos informativos desta comunicación, o Concello poderá denegar a transmisión si concorre algúnhha das seguintes circunstancias:

- a) Que se tivese producido un cambio de uso, categoría e clase, ou se teña producido a ampliación ou modificación de instalacións ou da actividade, que requirian a aplicación de novas medidas correctoras.
- b) Que aumente a ocupación teórica previsible do local ou se alteren as condicións de evacuación e seguridade contempladas na licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor.

Si se pretendese executar obras no inmoble, ademais do cambio de titularidade, requirirase que se presente a correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa, segundo proceda.

### **ARTIGO 23.—OBRAS INCLUÍDAS NA COMUNICACIÓN PREVIA**

1.—Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización de obras ligadas ó acondicionamento dos locais para o desenvolvemento das actividades a que se refire o artigo anterior, cando non precisen da redacción dun proxecto de obra de conformidade co establecido na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación; neste caso deberá achegarse, xunto coa comunicación previa, unha memoria descriptiva das obras que se van a realizar, xunto co orzamento por capítulos das mesmas.

2.—O establecido no apartado anterior non é de aplicación nos supostos establecidos no artigo 7.4.c) desta ordenanza.

### **ARTIGO 24.—EMENDA DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE**

1.—Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións, ben na declaración responsable e/ou comunicación previa, ben na documentación achegada que impide o exercicio do derecho, requirirase ao interesado para que no prazo máximo de 10 días as complete, emende ou aclare, coa indicación de que, namentres, queda suspendida a prestación do servizo ou actividade.

2.—O interesado poderá solicitar ampliación do prazo se no termo concedido non fose quen de emendar a deficiencia. A denegación da ampliación de prazo será motivada.

3.—Cumprimentado polo interesado o requerimento de emenda e mellora de solicitude, alzarase a suspensión decretada.

4.—Se o interesado non cumprimentase o requerimento, ditarase resolución declarando sen efecto o exercicio do seu derecho para executar as obras, ou para realizar a actividade ou servizo declarados ou comunicados e, no seu caso, imporase ao interesado a obriga de restituír a situación alterada ao momento anterior á declaración ou comunicación presentada.

### **ARTIGO 25.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

1.—Unha vez recibida a comunicación previa ou a declaración responsable, o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os servizos técnicos municipais e os de inspección cursen as visitas precisas co obxecto de comprobar que a actividade se axusta á normativa aplicable. Para tal efecto o encargado da tramitación remitirá á maior brevidade posible, e en todo caso no prazo máximo de 3 días a contar desde o seguinte ó da súa entrega polo rexistro de entrada, e mediante correo electrónico, copia da documentación recibida ós servizos de inspección e á Policía Local. Os servizos de inspección elaborarán, no prazo máximo de 5 días, o correspondente informe de control que se unirá ó expediente.



2.—Co obxecto de resolver sobre a eficacia ou ineficacia da declaración responsable será de aplicación o establecido no artigo 14 desta ordenanza. Á vista do informe de control, e previas as actuacións e requirimentos que se estimen precisos para o efecto, os servizos técnicos municipais emitirán informe que pode ser:

- a) Favorable: cando a actividade inspeccionada se desenvolva conforme á normativa de aplicación e ó establecido nesta ordenanza. Neste caso, proporase ó órgano competente para a concesión de licenzas que acorde a eficacia da declaración responsable para o exercicio da actividade de que se trate. Na resolución que se dite para o efecto, poderá establecerse un prazo máximo para o inicio da actividade, a contar dende o da realización da comunicación ou declaración responsable.
- b) Condicionado: cando se aprecie a necesidade de adoptar medidas correctoras non substanciais. Neste suposto os servizos técnicos establecerán un prazo para a adopción das ditas medidas, o que se notificará de inmediato ó interesado coa advertencia de que o seu incumplimento implicará a emisión do informe desfavorable a que se refire o apartado seguinte, cos efectos establecidos no número 2 do artigo seguinte.
- c) Desfavorable: cando concorra o suposto previsto no apartado anterior, ou cando a actividade inspeccionada presente irregularidades substanciais, en especial:
  - a) Cando se teña constatado que o uso ou actividade pretendida non é acorde coa normativa do plano xeral de ordenación municipal en vigor, ou no planeamento aprobado para o seu desenvolvemento.
  - b) Cando, para actuacións afectadas pola entrada en vigor da ordenanza reguladora das licenzas de primeira utilización ou cambio de uso de edificios no término municipal de Lalín (BOP nº 13, do 21-1-2004), o establecemento físico onde pretende levarse a cabo a actividade, non conte coa preceptiva licenza de ocupación.
  - c) Cando, tratándose dunha declaración responsable e comunicación previa para o acceso a unha actividade ou ó seu exercicio sometida a un trámite de avaliación ambiental, se constate que non se ten levado a cabo a dita avaliación.
  - d) Cando se aprecie que a actividade poda crear situacións de perigo o grave risco para os bens ou para a seguridade e integridade física das persoas, ou supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ó exercicio de dereitos lexítimos de terceiros ou ó desenvolvemento normal das actividades.

Neste caso, na proposta de resolución que se redactará para o efecto, proporase ó órgano competente para a concesión de licenzas, a adopción de acordo de ineficacia da declaración responsable, cos efectos establecidos no apartado 2 do artigo seguinte.

3.—A resolución a que se refiren os apartados anteriores será notificada en forma ós interesados, con indicación dos recursos que procedan contra a mesma.

### ARTIGO 26.—INSPECCIÓN DO SERVIZO OU ACTIVIDADE

1.—O Concello poderá verificar en calquera momento o cumprimento dos requisitos previstos nesta ordenanza e na lexislación sectorial, precisos para o exercicio das actividades polos interesados. Para tal efecto, os servizos municipais realizarán as comprobacións oportunas e emitirán un informe ou acta de inspección nos que quede constancia de que a actividade se axusta á normativa aplicable.

O titular da actividade está obrigado a permitir que polos servizos municipais se acceda ás obras e instalacións, a facilitar a colocación dos equipos e instrumentos que sexan precisos para a realización dos controis necesarios, e a poñer a súa disposición a información, documentación, equipos e demás elementos que fosen necesarios para a comprobación dos elementos e circunstancias postas de manifesto polo interesado na súa solicitude de licenza ou autorización, ou na declaración responsable ou comunicación previa que teña presentado. Nos casos de incumplimento desta obriga, estarase ó establecido no capítulo terceiro do título segundo desta ordenanza.



2.—O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade desde o momento en que se teña constancia destes feitos. A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento anterior ao comezo da actividade.

3.—En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexuízos que poida causar.

### **ARTIGO 27.—EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS DECLARACIÓNNS RESPONSABLES OU COMUNICACIÓNNS PREVIAS**

1.—Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas (art. 18).

2.—Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas poderán declararse caducados, agás motivo non imputable ao seu titular, nos seguintes casos:

- Cando non se iniciou a execución do servizo ou actividade notificada no prazo fixado na correspondente declaración responsable ou comunicación previa, ou no acordo declarativo da súa eficacia; na súa falta, no de tres meses dende a presentación en forma da declaración responsable ou comunicación previa.
- Cando se rematou a execución do servizo ou actividade notificada no prazo fixado na correspondente declaración responsable ou comunicación previa
- Cando se interrompeu a execución do servizo ou actividade por tempo superior a seis meses.

3.—En todo caso, a caducidade das actuacións declaradas ou comunicadas, declararase previa audiencia do interesado.

4.—A declaración de caducidade extinguirá os dereitos derivados da declaración ou comunicación, non podéndose iniciar nin proseguir as obras ou exercer a actividade, salvo traballos de seguridade e mantemento dos cales se dará conta ao Concello para o seu control.

### **CAPÍTULO TERCEIRO.—RÉXIME SANCIÓNADOR**

#### **ARTIGO 29.—INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS**

1. Teñen a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as normas contidas na presente Ordenanza, así como a desobediencia dos mandatos e requirimentos da Administración Municipal ou dos seus axentes ditados en aplicación da mesma.

2.—As infraccións se clasifican en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación establecida nos artigos seguintes, sen prexuízo do que establezan as diferentes normas aplicables na materia respecto da clasificación de infraccións nas que recaiga sobre a Administración Municipal a competencia para sancionar.

3.—Os expedientes sancionadores se tramitarán conforme ao previsto no Regulamento do Procedemento para exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, correspondendo a súa resolución á Xunta de Goberno Local.

#### **ARTIGO 30.—TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNNS**

1.—Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento incorporado á declaración responsable ou á comunicación previa.
- b) O incumprimento das sancións accesorias a que se refire o art. 32 desta ordenanza.
- c) Aquelas condutas infractoras que determinen especiais situacións de perigo ou grave risco para os bens ou para a seguridade e integridade física das persoas, ou supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de forma grave, inmediata e directa á



tranquilidade ou ó exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas, ou ó normal desenvolvemento das actividades.

2.—Consideraranse infraccións graves:

- a) O exercicio da actividade sen a presentación ante esta Administración da declaración responsable ou comunicación previa.
- b) O exercicio da actividade contravindo os requisitos esixidos na normativa vixente e que de maneira expresa, clara e precisa, se relacionen na declaración.
- c) O exercicio da actividade sen a documentación que debe acreditar os requisitos esixidos na normativa vixente e que de maneira expresa, clara e precisa se relacionen na declaración.
- d) O incumprimento da orde de suspensión da actividade previamente decretadas pola autoridade competente.
- e) O mal estado dos establecementos públicos en materia de seguridade, cando a esixible se vexa reducida.
- f) A dedicación dos establecementos a actividades distintas da declarada.
- g) A modificación substancial dos establecementos e as súas instalacións sen ter tramitado a modificación cunha nova declaración responsable.
- h) O incumprimento das medias correctoras establecida, no seu caso.
- i) O incumprimento do requerimento efectuado para a execución das medidas correctoras que se teñan fixado.

3.—Se consideran infraccións leves:

- a) As accións ou omisións tipificadas como infraccións graves cando pola súa escasa significación, transcendencia ou prexuízo ocasionado a terceiros non deban ser cualificadas como tales.
- b) Non atoparse no establecemento a documentación que debe acreditar os requisitos esixidos na normativa vixente e que de maneira expresa, clara e precisa se relacionen na declaración.
- c) A modificación non substancial das condicións técnicas dos establecementos sen ter tramitada a modificación da actividade cunha nova declaración responsable.
- d) Calquera incumprimento do establecido na presente Ordenanza e nas Leis e disposicións regulamentarias ás que se remite, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

### ARTIGO 31.—SANCIÓNNS

A comisión das infraccións tipificadas na presente Ordenanza levará aparellada, en defecto de normativa sectorial específica, a imposición das seguintes sancións:

- a) Infraccións moi graves: multa de mil cincocentos euros e un céntimo, a tres mil euros (1.500,01 a 3.000,00 €).
- b) Infraccións graves: multa de setecentos cincuenta euros con un céntimo, a mil cincocentos euros (750,01 a 1.500,00 €).
- c) Infraccións leves: multa de cen euros a setecentos cincuenta euros (100,00 a 750,00 €).

### ARTIGO 32.—SANCIÓNNS ACCESORIAS

Sen prexuízo das sancións pecuniarias previstas, a corrección das infraccións tipificadas na presente ordenanza poderá levar aparelladas as seguintes sancións accesoriais:

- a) Suspensión temporal das actividades e clausura temporal dos establecementos de un a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.
- b) Inhabilitación do promotor para a realización da mesma ou análoga actividade no que se cometeu a infracción durante o prazo de un a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.



- c) Declaración da ineficacia da declaración responsable, para as infracciones graves e moi graves.
- d) A restitución da situación xurídica ó momento previo o recoñecemento ou ó exercicio do derecho ou ó inicio da actividade correspondente, para as infracciones graves e moi graves.
- e) A imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante seis meses para as infracciones moi graves.

**ARTIGO 33.—RESPONSABLES DAS INFRACCIONES**

1.—Son responsables das infracciones, atendendo ás circunstancias concorrentes, os que realicen as conductas infractoras e, en particular:

- a) Os titulares das actividades.
- b) Os encargados da explotación técnica e económica da actividad.
- c) Os técnicos que asinen a documentación técnica.

2.—Cando o incumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infracciones que se cometan e das sancions que se impoñan. No caso de extinción das persoas xurídicas, poderá esixirse subsidiariamente a responsabilidade aos administradores das mesmas.

**ARTIGO 34.—GRADUACIÓN DAS SANCIÓNNS**

1.—A imposición das sancions correspondentes a cada clase de infracción se rexerá polo principio de proporcionalidade e, en todo caso, se terán en conta os criterios de graduación seguintes:

- a) A gravidade da infracción.
- b) A existencia de intencionalidade.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia.
- e) A reiteración.
- f) O grado de coñecemento da normativa legal e das leis técnicas de obligatoria observancia por razón de oficio, profesión ou actividade habitual.
- g) O beneficio obtido no seu caso da infracción.

2.—Entenderase que existe reiteración nos casos de comisión de mais de unha infracción de distinta natureza no termo dun ano cando así se teña declarado por resolución firme.

3.—Entenderase que existe reincidencia nos supostos de comisión de mais de unha infracción da mesma natureza no termo dun ano cando así se teña declarado por resolución firme.

4.—Na fixación das sancions de multa se terá en conta que, en todo caso, o incumprimento da sanción non resulte mais benéficio para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

5.—Os efectos de graduación de sancions, se consideran como circunstancias agravantes:

- a) O risco de dano a saúde ou seguridade esixible.
- b) O beneficio derivado da actividad infractora.
- c) A existencia de intencionalidade do causante da infracción.
- d) A reiteración e a reincidencia na comisión das infracciones.
- e) A comisión da infracción en zonas acusticamente saturadas.

6.—Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade a adopción espontánea por parte do autor da infracción de medias correctoras con anterioridade a incoación do expediente sancionador.

7.—As sancions se gradúan en tres escalas ou grados: mínimo, medio e máximo, nos termos seguintes:

- Infracciones leves: mínimo de 100,00 euros a 300,00 euros; medio de 300,01 a 500,00 euros; e máximo de 500,01 a 750,00 euros.
- Infracciones graves: mínimo de 750,01 a 1.000 euros; medio de 1.000,01 a 1.250,00 euros; e máximo de 1.250,01 a 1.500,00 euros.



- Infraccións moi graves: mínimo de 1.500,01 a 2.000,00 euros; medio de 2.000,01 a 2.500,00 euros; e máximo de 2.500,01 a 3.000,00 euros.

### ARTIGO 35.—MEDIDAS PROVISIONAIS

1.—Poderán adoptarse medidas de carácter provisional cando sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, as esixencias dos intereses xerais, o bo fin do procedemento ou evitar o mantemento dos efectos da infracción. Tamén poderán adoptarse estas medidas canto se trate de supostos de reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

2.—As medidas provisionais poderán consistir na clausura dos establecementos ou instalacións, suspensión de actividades e suspensión de autorizacións, cuxa efectividade se manterá ata que se acredite o cumprimento das condicións esixidas ou a emenda das deficiencias detectadas.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única.—Solicitudes de licenzas efectuadas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza.

Rexerá o establecido na disposición transitoria única do RD-Lei 19/2012, do 25 de maio.

### DISPOSICIÓN FINAIS

*Primeira.*—En defecto de regulación específica contida nesta ordenanza, e sen prexuízo do establecido nas disposicións a que se refire o artigo 20.1 desta ordenanza, será de aplicación o establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e normativa regulamentaria que a desenvolve, así como a normativa contida no Plano Xeral de Ordenación Municipal de Lalín en vigor (PXOM), sinaladamente será de aplicación o establecido nos Títulos Preliminar e Segundo do seu Libro Segundo.

*Segunda.*—Documentación a presentar nos distintos procedementos.

No prazo dun mes desde a entrada en vigor da presente ordenanza procederase á aprobación, por parte do órgano competente para a concesión das licenzas urbanísticas, dos modelos de instancias que determinarán a documentación concreta a presentar en cada un dos procedementos de obtención de licenzas, declaración responsable e comunicación previa. A documentación así aprobada será publicada no BOP e na páxina web do Concello. Dado que os ditos modelos non teñen natureza regulamentaria, o seu contido pode ser ampliado, modificado ou interpretado por acordo do mesmo órgano que os aprobou, co obxecto de adaptalos ás novas necesidades ou á aprobación de nova normativa, e todo iso sen prexuízo de que a súa obrigatoriedade se produza coa publicación no BOP.

*Terceira.*—Entrada en vigor.

A entrada en vigor da presente ordenanza producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Régime Local.

Lalín, a 16 de outubro de 2012.—O Alcalde-Presidente P.D. O Concelleiro Delegado de Urbanismo,  
Román Rodríguez González. 2012010155

\* \* \*

## MEAÑO

### A N U N C I O

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 19 de outubro de 2012, a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa exención dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública que estén directamente afectados ao cumprimento de fins sanitarios; expónse ao público, ó abeiro do artigo 17.1 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

